



***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA A POSTA EN VALOR DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DOS CASTROS DE PUNTA FROUXEIRA E COTO REDONDO (VALDOVIÑO).***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación e Universidade,

**DECLARA:**

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar co concello de Valdoviño, o instrumento conxugal arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2021.

Que o instrumento conxugal ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Concello de Valdoviño a realización dos traballos de posta en valor dos xacementos arqueolóxicos de Punta Frouxeira e Coto Redondo (Valdoviño).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxugal que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





O Castro de Punta Frouxeira está formado por un único recinto de 85 m no seu eixe N-S e 56 m no eixe L-W. Está rodeado por cantís, salvo no lado do istmo, onde presenta un sistema defensivo máis complexo cunha primeira defensa nunha muralla, seguida dun foxo, e logo un parapeto e un segundo foxo. No lado S conta cun terraplén. A parte do castro cara ao mar está moi afectada polo erosión mariña.

O Castro de Coto Redondo é outro castro costeiro de planta ovalada, cun único recinto de 55 m no eixe N-S e 44 m no eixe L-W, se ben en orixe debeu ter máis superficie dado que tamén está afectado pola actividade do mar. Está delimitado polos cantís e, no lado L, por unha muralla de terra, un terraplén e conserva un pequeno anaco de parapeto. A entrada estaría cara á zona central da muralla, nunha inflexión en forma de cóbado.

No Castro da Frouxeira realizárase unha sondaxe arqueolóxica na década dos noventa do século pasado, e no Castro de Coto Redondo só se levara a cabo hai seis anos unha limpeza superficial das estruturas defensivas baixo control arqueolóxico.

Ámbolos dous xacementos son os recursos culturais que o Concello de Valdoviño ten previsto vincular a unha ruta de carácter paisaxístico, natural e arqueolóxico denominada o “Camiño dos Castros do Mar”, que unirá ambos xacementos a través dun sendeiro que percorre este tramo da costa entre as praias da Frouxeira e Baleo, de gran beleza paisaxística e potencial turístico.

Estes xacementos arqueolóxicos figuran protexidos no catálogo de bens culturais das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Valdoviño e mais no Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, de 26 de xullo (DOG núm. 162, do 27.08.2018). Por tanto, teñen a condición de bens pertencentes ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia en virtude do artigo 30 da Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia.





Tendo en conta os valores indicados para os devanditos xacementos arqueolóxicos, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Valdoviño consideran de interese realizar traballos de recuperación patrimonial dos referidos xacementos arqueolóxicos coa finalidade de favorecer a súa investigación, conservación e posta en valor.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

